

QPC

REDACCIÓN

08:39

01/07/24

Dumbría vive un mes de xullo de vertixe cun completo programa cultural e deportivo

AXENDA

PROGRAMA

VERÁN



Cartel da Festa da Familia de Berdeogas



Non para o Concello de Dumbría, e despois do Campionato Galego de Salvamento e Socorrismo, xa se prepara para un xullo ateigado de actividades tanto deportivas como culturais, que maridan fenomenal co programa de iluminación do Coadoiro.



Nova temporada de iluminación da fervenza do Ézaro

PUBLICIDADE

NOVAS DE HOXE



Carnés prepárase para a Fagía, a súa festa centenaria



O #FIOT33 xa ten datas



O Couquiño acolle a primeira Copa de España estatal da máxima categoría



O goberno municipal volve pedir unha reunión coa Xunta para a apertura do Centro de Día e a adhesión da Escola Infantil á Rede autonómica



O mal tempo fai do porto de Muxía unha parada de renome dos circuitos de vela

PUBLICIDADE

O MÁIS

VISTO

ACTUAL

07/07/2024
Un dispositivo para sacar da auga un coche aparcado no varadero de Muros: "Que es eso de las mareas?"

04/07/2024
Ponteceso identifica as parcelas que non cumpren coa normativa da xestión de biomasa

04/07/2024

3 EVENTOS DEPORTIVOS DE NIVEL

En xullo seremos sede de tres grandes eventos deportivos:

7 de xullo. Gran Fondo Ézaro

Os afeccionados a este deporte que participarán este ano.

Alejandro Valverde, Samu Sánchez, Sandra Alonso, Fran Ventoso, Óscar Pereiro, Álvaro Pino,... figuras de primeira orde do panorama ciclista.



O Gran Fondo Ézaro 2024 contará con Alejandro Valverde, Iván Raña ou Javi Gómez Noya

13 e 14 de xullo. Campionato de España de Sláalom

Ao redor de 20 clubs de toda España achegaranse ata o campo de sláalom do Couquiño, en Oleira para competir neste campionato nacional.

Por primeira vez Galicia acolle unha proba selectiva para a Selección española Júnior e Sub23. E será en Dumbría. O río Xallas volve ser escenario dunha competición que traerá ata a comarca a máis de 200 deportistas, acompañados dos seus equipos técnicos e en moitas ocasións tamén de familiares que queren



Dumbria acollera por primeira vez unha Copa de España de Slalom

Do 25 ao 27 de xullo. Campionatos de Volei Praia Sub-19

Máis de 50 clubs de toda España e de 200 deportistas, ademais da participación de equipos locais, danse cita, un ano máis, no areal do Ézaro.

ACTIVIDADES CULTURAIS

• 6 de xullo. Talleres e Xogos "EU UE". Pérgola do Ézaro.

A campaña "EU UE" de Europe Direct Coruña – Deputación da Coruña chega ao Ézaro o sábado 6 de 16:30 a 20:30 h. Neste punto de información europea, o público atopará xogos adaptados a diferentes idades nos que poderán demostrar as súas habilidades e coñecementos sobre Europa. Coincidindo coa xornada previa á celebración do Gran Fondo Ézaro, o público que se achegue á zona da pérgola da Fervenza do Ézaro atoparase con esta zona lúdica de Europa Direct.

• 10 de xullo. Actuación de Galitoon. O Conco, 11:00 h

Galitoon chega a Dumbria co seu espectáculo The Show Moscón. "The Show Moscón" é un Circo de monicreques de "varietés", no que habitan músicos, mentalistas, equilibristas e moito humor. É unha actividade programada a través da Rede Cultural da Deputación da Coruña e cofinanciada polo Concello de Dumbria.

• 13 de xullo. Foliada nas Neves (Buxantes). 20:00 h

A Asociación Fonte Santa de Buxantes, coa colaboración do Concello de Dumbria, organiza unha foliada no entorno da Capela das Neves que acollerá a grupos chegados da comarca e de fóra dela. Unha xornada cargada de moita música tradicional que cumpre este ano a súa segunda edición.

• 16 de xullo. Actuación de Teatro do Cubo. O Conco, 11:00 h

De Vilatriste a Vilalegre é un espectáculo que está a percorrer Galicia para celebrar o 40º aniversario do Centro Dramático Galego.

• 21 de xullo. Festa da Familia de Berdeogas. Carballeira de Berdeogas

Unha cita ineludible xa para as familias dumbriesas e de toda a comarca, que se dan cita na Devesa da Lúa para compartir unha xornada de música, xantar e encontros con amigos.

• 24 de xullo. Actuación de Polo Correo do Vento. O Conco, 11:00 h

A través da Deputación da Coruña, a compañía representará en Dumbria un espectáculo creado ao redor da figura de Luisa Villalta, a homenaxeada neste ano polo Día das Letras Galegas.

O Camping Lago Mar tamen será o epicentro cultural do verán costeiro

04/07/2024

O programa completo para aproveitar ao máximo o Muros Mira ao Mar

01/07/2024

Muros celebrou o seu Orgullo coa primeira Festa Holi

PUBLICIDADE

PUBLICIDADE

PUBLICIDADE

• 26 de xullo. Actuación de Xacarandaina. Olveiroa, 20:00 h

O grupo de pandereiteiras de Xacarandaina actuará na praza do Cruceiro de Olveiroa.

• 30 de xullo. Actuación de Artefeito. O Conco, 11:00 h

Co seu espectáculo Cirqueiras, a compañía traeranos o Novo Circo ata Dumbria. Esta é unha actuación programada a través de Cultura No Camiño, da Axencia Galega das Industrias Culturais cofinanciada pola Xunta de Galicia e polo Concello de Dumbria.

ACTIVIDADES INFANTÍS DE VERÁN NO CONCO:

A próxima semana arrancan tamén as actividades infantís de verán que se desenvolven todos os anos nas instalacións do Conco – Dumbria, na que participarán máis de 150 nenos e nenas.

Os departamentos de Cultura e Deporte encherán as mañás de actividades e diversión, que serven, a maiores, como xornadas de convivencia entre os nenos e nenas de diferentes parroquias que aproveitan para coñecerse e para pasar tempo xuntos. Cociña, manualidades, sendeirismo, xogos de tempo libre, talleres de reciclaxe, de experimentos, iniciación a diferentes deportes, cursos de



COMENTARIOS

Sen comentarios



Deixa o teu comentario...



COPYRIGHT 2019 QUE PASA NA COSTA

Axudas ao programa do bono das
persoas autónomas



QUEN SOMOS
POLÍTICA DE COOKIES
AVISO LEGAL Y CONDICIONES DE USO
COMUNICADOS
PUBLICIDADE
HORARIOS AUTOBUSES 2021

openinemas

POWERED BY
OPENHOST